

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O QUINCE DE XANEIRO DE DOUS MIL QUINCE.**

No Concello de Láncara, sendo as nove horas, do día quince de xaneiro de dous mil quince, reúnese no Salón de Sesiós a Xunta de Goberno Local, para tratar dos asuntos contidos na Orde do Día, coa asistencia dos Sres Concelleiros: D. José Manuel Neira Castro e D. Carlos Fernández Díaz.

Xustifica a súa ausencia, por enfermidade D. Ricardo Núñez Valcárcel.

Preside a Sesión o Sr. Alcalde D. Eladio Capón López, e actúa como secretario o titular D. José López Castro.

Aberto o acto pola Presidencia dase conta dos seguintes asuntos:

**1º.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA
ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA 18 DE DECEMBRO DE 2014.**

2º.- DECRETOS:

**Nº 245 SOBRE PROGRAMA DE COLABORACIÓN SOCIAL,
SOLICITUDE DUN PEÓN PARA LIMPEZA DE RÚAS.**

**Nº 247 APROBACIÓN DE FACTURAS CORRESPONDENTES A
BRIGADA 2 DE INCENDIOS.**

**Nº 253 AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AITAIR, PARA REALIZAR
ACTIVIDADES NO CAMPO DA ESCOLA DE TRASLISTE.**

**Nº 3 PARALIZACIÓN DE OBRAS A D. JESÚS LOPEZ GARCÍA, EN
RÚA CASTELAO Nº 46.**

**3º.-COMUNICACIÓN DE D. GREGORIO SAAVEDRA CIERCOLES,
SOBRE DESCUBRIMENTO DA FOSA SÉPTICA EN PIÑEIROÁ-CEDRÓN,
PARA PODER FACER O LEVANTAMENTO TOPOGRÁFICO.**

**4º.-DENUNCIA DE D. VICTORINO AMADO BANDE, CONTRA D.
CARLOS TALLÓN DÍAZ, POR OBRAS NO CAMIÑO REAL.**

**5º.-CANON, INFORME POSTO DE TRABALLO MARCOS VÁZQUEZ
MAREY.**

**6º.-COMUNICACIÓN DE D. XOÁN CARLOS CARREIRA PÉREZ,
COMO TITOR DA USC, PARA DOUTORADO DE D. MARCOS VÁZQUEZ
MAREY, SOBRE ENTREVISTAS A PERSOAS NO MEDIO RURAL NO
CONCELLO DE LÁNCARA.**

7°.-COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO, SERVIZOS DE NOVAS TECNOLOXIAS, SOBRE PROXECTOS INNOVATE E INNOVATE2.

8°.-COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA, SOBRE CONCESIÓN DE 25.156,44 €, PARA “PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL, DA COMARCA DE SARRIA” A AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA COMUNIDADE: SARRIA, TRIACASTELA, LANCARA, PARADELA, INCIO, O PARAMO E SAMOS.

9°.-SOLICITUDE DE D. MANUEL A. DIAZ LÓPEZ ,MANUEL SANTIAGO NEIRA LÓPEZ E LUIS NEIRA LOPEZ, PARA PARCELACIÓN E AGRUPACIÓN , NO POLÍGONO 11 PARCELAS 651 E 751.

10°.-TROCO DE TITULARIDADE DO “CAFÉ BAR AVENIDA Y PUB JOY”, SITO EN RÚA VALDRIZ, POBRA DE SAN XIOA.

11°.-NACHO, MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRÍCAS, PRESUPOSTOS :

-LU 784, SOBRE MODIFICACIÓN DA UBICACIÓN DO CADRO DE MEDIDA E MANDO DE QUINTELA DE TRASLISTE.

-LU 801/14, MODIFICACIÓN DA LINEA DE ALUMEADO E PUNTO DE LUZ POR ORDEN DE UNIÓN FENOSA EN TOUBILLE.

-LU 816/14, INSTALACIÓN DE TOMA DE TERRA AS DUAS FAROLAS SITUADAS XUNTO O CUARTEL DA GARDA CIVIL.

-LU 817/14, INSTALACIÓN TOMA DE TERRA AS CATRO FAROLAS DO PARQUE EDIZLO.

-LU 818/14, INSTALACIÓN DE TOMA DE TERRA DAS FAROLAS SITUADAS XUNTO AS VIVENDAS SOCIAIS.

-LU 819/14, INSTALACIÓN DE TOMA DE TERRA AS FAROLAS

-LU 03/15, MODIFICACIÓN DA LINEA DE FENOSA E ALUMEADO EN TRASLISTE CAMPO DA FESTA.

-LU 04/15, DESPRAZAMENTO DUNHA FAROLA SITUADA NO CENTRO DO CAMPO Á ESQUINA DA ESCOLA HACIA A CARRETERA, EN CAMPO DA FESTA DE TRASLISTE.

-LU 05/15, TRASLADO DE FAROLA NA PRAZA DE SAN PEDRO DE LANCARA.

12°.-NACHO, MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRÍCAS, INFORME SOBRE ESTADO ACTUAL E MELLORAS NECESARIAS EN POLIDEPORTIVO.

13°.-REBOLEIRA S.L., TRANSPORTE DISCRECIONAL E VIAJEROS, FACTURAS VIAXES AS PRAIAS XULLO E AGOSTO.

**14°.- VEHICULO SERVIZOS SANITARIOS E CONCELLO
-RELACIÓN SAIDAS MES DE DECEMBRO.**

**15°.-ENTRONQUE DE AUGAS:
-SOLICITUDE DE D. RAMIRO TALLÓN GONZALEZ PARA ENTRONQUE A REDE XERAL DE LÁNCARA PARA VIVENDA SITA EN LÁNCARA Nº 3.**

16°.-ESCRITO DE D. MODESTO GARCÍA FERNANDEZ, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN “PLAYAS DE VALDRIZ”, SOLICITANDO PARA O DÍA 4-02-2015, UN LOCAL NO POLIFUNCIONAL, PARA UNHA XUNTA.

17°.-SOLICITAR A INCLUSIÓN NO PLAN DE TRABALLO DA XERENCIA DO PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN COLECTIVA DE CARÁCTER XERAL DO CONCELLO DE LANCARA PARA ADAPTAR AS VALORACIÓNS AO P.X.O.M. APROBADO DEFINITIVAMENTE O DÍA 22-02-2013.

18°.-SOLUGA, PRESUPOSTO PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL AMBIENTAL DO VERTEDOIRO CLAUSARADO DE POBRA DE SAN XIAO.

19°.-SOGAMA , COMUNICACIÓN SOBRE CONTRATO MARCO DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS.

**20°.-ORDENES:
- DO 23 DE DECEMBRO 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2015.**

- DO 31 DE DECEMBRO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2015.

21°.-XUSTIFICACIÓN GASTOS OBRA BAÑOS PRAZA CAMPO DA FESTA.

22°.- RECURSO DE D. ANTONIO J. LÓPEZ LÓPEZ E D^a GLORIA MELLE LÓPEZ, SOBRE PAGO PARTE CORRESPONDENTE, NA OBRA SANEAMENTO EN SANTA MARÍA DE LAMA.

23°.-SERVIZOS TECNICOS DE INGENIERIA, PRESUPOSTO DE HONORARIOS, PARA TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA ACTIVIDADE DE GESTIÓN DE RESIDUOS EN PUNTO LIMPIO.

**24°.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL:
-LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CCV EJERCICIO 2011
-LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CCV EJERCICIO 2012.**

25°.-CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES, COPIA DOCUMENTACIÓN REMITIDA AO INEGA, EN RELACIÓN A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE GUNTÍN, O PÁRAMO, LÁNCARA, O CORGO, TRIACASTELA, AS NOGAIS, BARALLA E FRIOL, PARA RENOVACIÓN DAS INSTALAIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA.

26°.-PLAN MARCO: MODIFICADO DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NUCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRAN, TOLDAOS, LÁNCARA ENTRE OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA.

**27°.- RECLAMACIÓN VADOS:
-MANUEL BANDE RODRÍGUEZ.
-ARMANDO LÓPEZ SOBRADO
-OSCAR LÓPEZ LÓPEZ.**

**28°.-PERSOAL:
SOLICITUDE DE D. JOSÉ M. ALVAREZ LÓPEZ, DE 10 DÍAS DE VACACIÓNS, POR DÍAS NON LABORALES TRABALLADOS.**

1°.-LECTURA E APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DIA 18 DE DECEMBRO DE 2014.

Visto o borrador da acta da sesión celebrada o día dezoito de decembro de dous mil catorce, este foi aprobado por unanimidade de tódolos asistentes.

2°.- DECRETOS:

Visto o decreto nº 245, que di:

“Nº 245 SOBRE PROGRAMA DE COLABORACIÓN SOCIAL, SOLICITUDE DUN PEÓN PARA LIMPEZA DE RÚAS.

DECRETO DA ALCALDIA Nº 245

DON CARLOS FERNÁNDEZ DÍAZ, ALCALDE EN FUNCIONES DO CONCELLO DE LANCARA, PROVINCIA DE LUGO.-

En virtude das atribucións que me confire o apartado f) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, polo presente, en vista de que se necesita acometer de forma urxente a realización de limpeza nas rúas da capitalidade do municipio, a Pobra de San Xiao, e en vista de que se pode realizar por medios propios (administración), desexando acollerse ao establecido no Real Decreto 1445/1982, sobre programas de colaboración social,

RESOLVO

Solicitar ante a ofician de emprego unha persoa, con cualificación de peón, para complementar o servizo de limpeza de rúas do Concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:

Ratificar dito decreto en todo o seu contido.

Nº 247 APROBACIÓN DE FACTURAS CORRESPONDENTES A BRIGADA 2 DE INCENCIAS.

Visto o decreto 247, que dí:

DECRETO DA ACALDÍA Nº 247

DON ELADIO CAPON LOPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE LANCARA, PROVINCIA DE LUGO.

En virtude das atribucións que me confire o apartado f) do artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, polo presente,

RESOLVO

1.-Prestar aprobación ás seguintes facturas relacionadas co funcionamento da brigada 2 de incendios:

| | |
|---|------------|
| Comercial Castrelo, maquinaria factura A/154, de 21/11/2014 | 2.300,00 € |
| Comercial Castrelo, maquinaria factura B/24, de 21/11/2014 | 34,85 € |
| Comercial Castrelo, maquinaria factura A/155, de 21/11/2014 | 40,51 € |
| Comercial Castrelo, maquinaria factura B/18, de 21/11/2014 | 60,95 € |

2.-Dar conta do presente decreto na Xunta de Goberno Local.

A Xunta deGoberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:
Ratificar dito decreto en todo o seu contido.

Nº 253 AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN AITAIR, PARA REALIZAR ACTIVIDADES NO CAMPO DA ESCOLA DE TRASLISTE.

Visto o decreto Nº 253, que copiado literalmente di

DECRETO Nº 253

ELADIO CAPON LOPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE LANCARA, PROVINCIA DE LUGO.

En virtude das atribucións que me confire a Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das Bases de Réxime Local, polo presente, e en vista do escrito rexistrado nas oficinas municipais deste Concello con data de entrada 12 de decembro de 2014, nº 1850, no que o Presidente da Asociación Altair Galiza, D. Bruno Faustino Durán, solitita o uso para acampar nos terreos das inmediación da antiga escola de Trasliste, actual local social, con nenos de entre 7 e 17 anos, os días 19, 20, 21 e 22 de decembro do presente ano, e así mesmo o uso dos locais da antiga escola en caso de que se presente unha climatoloxía con fortes inclemencias,

RESOLVO

PRIMEIRO

En vista de que é unha actividade relacionada coa promoción do medio rural, a súa cultura e a súa capacidade productiva, AUTORIZAR, á asociación AITAIR, a realización de actividades previstas no campo da escola de Trasliste, e así mesmo os locais da mesma escola, sen repercutir ningún cargo económico, pero, responsabilizando á entidade solicitante de calquera actuación indebida que deteriore máis do uso previsto as instalacións, e tamén sin asumir esta entidade responsabilidade algunha sobre accidentes ou calquera imprevisto que deba estar cuberto pola responsabilidade civil da asociación promotora da actividade.

SEGUNDO

Dar conta deste decreto na próxima Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:

Darse por enterada do contido de dito decreto, ratificando o mesmo.

Nº 3 PARALIZACIÓN DE OBRAS A D. JESÚS LOPEZ GARCÍA, EN RÚA CASTELAO Nº 46.

Visto o Decreto Nº 3 , que di:

“DECRETO Nº 3

ASUNTO:Paralización de obras sin licencia.

Visto que na Rúa Castelao nº 46, se están facendo obras , sen que neste Concello o día da data, figure solicitude algunha de licenza de obra.

Visto que sobre terreo se pode comprobar que, entre outras cousas, se estan pintando as fachas da vienda.

Visto que recentemente se aprobou definitivamente o P.X.O.M, que establece as regras para obras.

Visto que tódolas obras deben ter previamente o seu inicio, licenza municipal.

RE S O L V O:

1º.-Ordear a D. Jesús López García a suspensión inmediata das obras, debendo retirar as maquinas e materiais preparados para a utilización das obras, **nun prazo máximo de 24 horas, dende a notificación da presente resolución.**

2º.-Conceder a parte interesada un prazo de audiencia de dez días, para que formule as elegacións que estime convintes en defensa dos seus dereitos.

3º.-De non paralizar as obras, tal como se indica, procederase a dar traslado destas actuacións ás Autoridades Competentes, así como o Xulgado de Primeira Instancia de Sarria, ademais de iniciar o correspondente expediente sancionador.

4º.-As obras deben ser legalizadas no prazo máximo de tres meses e para o caso de non ser legalizables estas deben ser demolidas a costa do interesado.

5º.-Dar conta deste decreto a Xunta e Goberno Local, na primeira sesión ordinaria que esta celebre, así como ao interesado.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Ratificar dito decreto en todo o seu contido, tramitado o expediente de legalización, de ser legalizable, en virtude da solicitude presentada polo interesado.

3º.-COMUNICACIÓN DE D. GREGORIO SAAVEDRA CIÉRCOLES, SOBRE DESCUBRIMIENTO DA FOSA SÉPTICA EN PIÑEIROÁ-CEDRÓN, PARA PODER FACER O LAVANTAMENTO TOPOGRÁFICO.

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil catorce, acordou : “comunicarlle a D. Gregorio Saavedra Ciércoles que debe descubrir a fosa séptica ao estar ésta parcialmente soterrada, para poder facer un levantamento topográfico no que se recolla a alineación establecida no PXOM .Unha vez descuberta debe comunicalo por escrito ao Concello”.

Visto que D. Gregorio Saavedra Ciércoles, deu cumprimento ao acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil catorce, en virtude do escrito presentado con data 17-12-14, rexistro de entrada 1864.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facultar ao Sr. Alcalde para nomear un técnico para facer o levantamento topográfico.

4º.-DENUNCIA DE D. VICTORINO AMADO BANDE, CONTRA D. CARLOS TALLÓN DÍAZ, POR OBRAS NO CAMIÑO REAL.

Visto o escrito de denuncia presentado por D. Victorino Amado Bande, contra D. Carlos Tallón Díaz, no que pon de manifesto: “D. Carlos Tallón Díaz, natural de la parroquia de Bande y residente en Barcelona, propietario de la parcela nº 11 del polígono 6 de Bande, y parece que de la nº 12, por compra reciente. A mi entender lleva años realizando obras ilegales, entiendo que algunas se pueden calificar de graves, siendo benévolo.

Si comparamos los planos catastrales (ortofotos) de los años 50 y 2001 del Camino Real Madrid-Coruña en el paraje llamado “PEDRA” y el tramo de camino situado entre las parcelas 19,20,21,22 y 23 por el O. Y las parcelas al otro lado del camino 11,12 y 8 se ve a simple vista las apropiaciones llevadas a cabo con el paso del tiempo en el Camino Real, **que como histórico debería estar especialmente protegido**. Sobre ortofoto que se adjunta al escrito. Se reprodujo a esala, el plan catastral de los 50 y, se ve con exactitud, la parte de construcciones y cierres hechos en el Camino Real, marcadas por el contorno verde. Recientemente cerró parte de la finca nº 12 sin tener en cuenta la ley, y sigue cerrando lo que le queda de la misma, en su colindancia con el Camino Real, reduciendo la entrada a la finca nº 8. Es necesario que, sin demora alguna, se tomen las medidas oportunas por parte de quien correspondan el deber de vigilar, tutelar y proteder lo público, Ayuntamiento ó Dirección General de Urbanismo. Para que el propietario mencionado vuelva las obras ilegales a su estado primitivo y se atenga a la ley vigente como se nos pide y exige al resto de vecinos.”

Por parte do Sr. Alcalde pon de manifesto a necesidade de nomear unha comisión para comprobar o estado de todo o Camiño Real, dende Furco a ponte de Lago.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Ordear a D. Carlos Tallón Díaz, a suspensión inmediata das obras, debendo retirar a maquinaria e materias preparados para a realización das obras, nun prazo máxio de 48 horas dende que reciba a presente notificación do acordo.

2º.-Nomear unha comisión, integradas polos membros da Xunta de Goberno Local, e os técnicos Mercedes Maseda Martínez e Marcos Vázquez Marey, para ir sobre terreo comprobar os feitos denunciados, así como a situación do camiño Real, dende Furco a Ponte de Lagos, o próximo día 22 de xaneiro de 2015, as 11 horas, salvo que a climatoloxía non o permita, emplazandose, nese caso, para o xoves seguinte.

5º.-CANON, INFORME POSTO DE TRABALLO MARCOS VÁZQUEZ MAREY.

Visto o informe emitido por Sistemas de Oficina de Lugo S.A Canón, no que pon de manifesto: “Desde abril de 2014 Microsoft ha dejado de apublikar actualizaciones para Windows XP y para Office 2013, por lo que los agujeros de seguridad que sean descubiertos a partir de esa fecha, no serán corregidos. Aunque Windws y Office 2013 sigan funcionando, la información que contiene el ordenador, al quedar expuesta, corre riesgo y puede ser un blanco fácil para ciber-criminales.

Aunque en este modelo de HP puede ser instalado Windows Vista. La cantidad de memoria RAM que tiene instalada es insuficiente, ya que sólo Windows Vista necesita como mínimo 512 MB a la que habría que añadir las necesidades de RAM de los distintos programas que se vayan abriendo. Por ejemplo, Internet Explorer 9 necesita como mínimo 512 MB de RAM, si la página que se abre tiene Java. Se necesitarán como mínimo 128 MB más.

Además, la actualizaicón de este equipo supone los siguientes costes de componentes y mano de obra:

-Ampliación de RAM

-Copia de seguridad de los datos.

-Instalación de Windows vista y actualizaciones,

-Configuración en red

-Instalación impresoras, antivirus, Acrobat Readr, Java y otros progrmas proporcionados por el cliente.

-Restaurar copia de seguridad de los datos”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Pedir oferta a tres empresas para ver cal é a oferta máis ventaxosa, para adquirir un equipo novo.

6º.-COMUNICACIÓN DE D. XOÁN CARLOS CARREIRA PÉREZ, COMO TITOR DA USC, PARA DOUTORADO DE D. MARCOS VÁZQUEZ MAREY, SOBRE ENTREVISTAS A PERSOAS NO MEDIO RURAL NO CONCELLO DE LÁNCARA.

Visto o escrito de Xoán Carlos Carreira Pérez, como titor do doutorado de Marcos Vázquez Marey, en Xestión Sustentable da Terra e do Territorio (E4071P01) da Universidade de Santiago de Compostela. Para o desenvolvemento da devandita tese, é preciso realizar unha serie de entrevistas a persoas que vivan no medio rural no Concello de Láncara co fin de coñecer distintos aspectos relacionados coa percepción do grao de satisfacción e das razóns que levan á toma de decisión na tanto na súa casa como na súa explotación agraria.

Comunícalle esta actividade a fin de que estea informado da mesma e a fin de contar, a ser posible, coa súa colaboración. No caso de ser necesaria en algún tema concreto poñeríamonos de novo en contacto con vostede.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Comunicarlle ao traballador D. Marcos Vázquez Marey, que explique por escrito, en que vai consistir este doutorado e como afecta a seu traballo, no prazo máximo de 15 días, para ver a posible compatibilidade.

7º.-COMUNICACIÓN DA DEPUTACIÓN DE LUGO, SERVIO DE NOVAS TECNOLOXIAS, SOBRE PROXECTOS INNOVATE E INNOVATE2.

Visto o escrito remitido pola Deputación de Lugo, Servizo de Novas Tecnoloxías, no que cominica que con carácter inmediato abordaran a execución das seguintes iniciativas:

-Asesoramento “in situ” especializado e gratuíto no campo das novas tecnoloxías. Para dar continuidade ao servizo de dinamizadores tecnolóxicos iniciados co InnovaTE2 , un equipo de persoas coordinadas pola Deputación de Lugo e a Fundación TIC, comenará a traballar de xeito inmediato nos concellos adheridos para tratar de solucionar calquera dúbida tecnolóxica que lles poída xurdir, realizando tamén actuacións tales como a celebración de cursos de formación para empregados municipais, a organización de xornadas divulgativas e de sensibilización para concienciar á cidadanía sobre a importancia das TIC no avance e desenvolvemento da sociedade, etc.

-Posta en marcha dun portal de transparencia. A de Lugo será a primeira Deputación de Galicia en contar cun portal dixital que facilite o acceso á totalidade da información institucional, tanto da propia Deputación como tamén dos concello da Provincia que desean adherirse. Do Goberno, establece unha serie de obrigas que todas as entidades locais deberán cumprir coa data límite do 11 de decembro de 2015, e que implican a posta a disposición da cidadanía de información institucional, organizativa, xurídica, económica, orzamentaria e estadística das distintas entidades. A través desta actuación, o teu Concello poderá adptarse ás obrigas contidas nesta Lei en prazo e sen ningún custe adicional”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Darse por enterado do contido de dita comunicación e prestar a colaboración posible.

8º.-COMUNICACIÓN DO CONCELLO DE SARRIA, SOBRE CONCESIÓN DE 25.156,44 €, PARA “PROXECTO DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NO EIDO LOCAL, DA COMARCA DE SARRIA” A AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DA COMUNIDADE: SARRIA, TRIACASTELA, LANCARA, PARADELA, INCIO, O PARAMO E SAMOS.

Vista a Resolución da Consellería de Sanidade de data 25 de novembro de 2014, mediante a cal se resolven as axudas convocadas pola “Orde do 4 de xullo de 2014 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para o cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e conductas adictivas promovidos por concello ou agrupación de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia”, mediante a cal se lle concedeu a Agrupación de Concellos de Sarria, unha subvención de 25.156,44 €, para levar a cabo o “proxecto de prevención de drogodependencias e conductas adictivas no eido local, da comarca de Sarria” correspondente ás anualidades de 2014 e 2015.

Visto que a partir do ano 2015, as activades que non esten subvencionadas o 100% , son competencias impropias e a administración non poderá correr cos gastos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Darse por enterada da comunicación do Concello de Sarria.

2º.-Comunicarlle ao Concello de Sarria que a partir do ano 2015, si non está subvencionado 100% , son competencias impropios e o Concello de Lán cara non pode aportar cartos para este programa o tener aprobado un plan de axuste e recollendo así as súas bases.

9º.-SOLICITUDE DE D. MANUEL A. DIAZ LÓPEZ ,MANUEL SANTIAGO NEIRA LÓPEZ E LUIS NEIRA LOPEZ, PARA PARCELACIÓN E AGRUPACIÓN , NO POLÍGONO 11 PARCELAS 651 E 751.

Vista a solicitude de D. Manuel A. Díaz López e D. Manuel Santiago Neira López que pretende a segregación e agrupación simultánea dunha parcela sita no lugar de Seoane, parroquia de Trasliste.

Visto o proxecto de parcelación e agrupación, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Diego Fernández Otero, Col. 849.

Visto o informe da arquitecto técnico municipal, que di:

“1º.-Que o solicitante pretende a segregación de 2.800 m² da parcela 651 do polígono 11 e agrupación simultánea a parcela 751 do mesmo polígono. As superficies das parcelas resultantes serían 12.720 m² para a parcela 651 e 7.788 m² para a parcela 751.

2º.-Que os devanditos terreos atopanse clasificados como solo rústico de protección agropecuaria (S.R.P.A.G) segundo establece o PXOM vixente .O artigo 206 da Lei 9/2002, prohíbe as segregacións e divisións en solo rústico agás entre outras as que teñan por finalidade a mellora da explotación, debendo en todo caso respectarse a unidade mínima de cultivo establecido pola lexislación agraria (3.000 m²)”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Autorizar a segregación solicitada por D. Manuel A Díaz López e D. Manuel Santiago Neira López, con total suxeición ao proxecto de parcelación e agrupación, redactado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola D. Diego Fernández Otero, Col. 849 e ao informe da arquitecto técnico municipal.

2º.-Deben facer escritura pública de segregación e simultánea de agrupación.

3º.-Practicar a seguinte liquidación:

-Taxa sobre segregación e agrupación :**100,00 €** (50 X2), según ordenanza municipal en vigor.

-I.C.O : **25,00 €**, mínimo.

10º.-TROCOS DE TITULARIDADE DO “CAFÉ BAR AVENIDA Y PUB”, SITO EN RÚA VALDRIZ, POBRA DE SAN XIOA.

Vista a solicitude presentada por D^a Maria Teresa Neira Pérez con NIF:76.572.735-P, para troco de titularidade do café bar Avenida y Pub Joy, situados en rúa Valdriz N^o 14 , Puebla de San Julián.

Visto o escrito de cesión e transmisión.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Requerir a D^a María Teresa Neira Pérez, as licenzas das dúas actividades, ao obxecto de poder autorizar o troco.

11º.-NACHO, MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRÍCAS, PRESUPOSTOS :

-LU 784/14, SOBRE MODIFICACIÓN DA UBICACIÓN DO CADRO DE MEDIDA E MANDO DE QUINTELA DE TRASLISTE.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 18 de decembro de 2014.

Visto o presuposto de modificación da ubicación do cadro de medida e mando de Quintela-Trasliste, cun orzamento de 578,36 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Solicitar presuposto a empresa Efigal Norte.

-LU 801/14, MODIFICACIÓN DA LINEA DE ALUMEADO E PUNTO DE LUZ POR ORDEN DE UNIÓN FENOSA EN TOUBILLE.

Visto o presuposto nº 801/14, para modificar a linea de alumeado e punto de luz por orden de Unión Fenosa en Toubille, cun orzamentoe de 454,43 €

Visto que por parte da emprea Fenosa non comunicou o Concello a modificación de dita linea.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Deixar pendente dita modificación en tanto non se solicite a modificación por parte da empresa Unión Fenosa.

-LU 816/14, INSTALACIÓN DE TOMA DE TERRA AS DUAS FAROLAS SITUADAS XUNTO O CUARTEL DA GARDA CIVIL.

Visto o presuposto nº 816/14, para instalación de toma de terra ás dúas farolas situadas xunto do “Cuartel da Garda Civil”, cun orzamento de 373,91 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU;

Solicitar a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Electricas, fotos das farolas correspondente.

-LU 817/14, INSTALACIÓN TOMA DE TERRA AS CATRO FAROLAS DO PARQUE EDIZLO.

Visto o presuposto nº 817/14, para instalación de toma de terra ás catro farolas no parque Edizlo, cun orzamento de 381,05 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU;

Solicitar a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Electricas, fotos das farolas correspondentes.

-LU 818/14, INSTALACIÓN DE TOMA DE TERRA DAS FAROLAS SITUADAS XUNTO AS VIVENDAS SOCIAIS.

Visto o presuposto nº 818/14, para instalación de toma de terra ás farolas situadas xunto das vivendas sociais, cun orzamento de 254,23 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU;

Solicitar a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Electricas, fotos das farolas correspondente.

-LU 819/14, INSTALACIÓN DE TOMA DE TERRA AS FAROLAS CLUB FLUVIAL DE LANCARA .

Visto o presuposto nº 819/14 , para instalación de toma de terra as farolas do club fluvial de Lánara, por importe de 215,03 €.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU;

Solicitar a empresa Nacho Montaxes e Instalacións Electricas, fotos das farolas correspondente.

-LU 03/15, MODIFICACIÓN DA LINEA DE FENOSA E ALUMEADO EN TRASLISTE CAMPO DA FESTA.

-LU 04/15, DESPRAZAMENTO DUNHA FAROLA SITUADA NO CENTRO DO CAMPO Á ESQUINA DA ESCOLA HACIA A CARRETERA, EN CAMPO DA FESTA DE TRASLISTE.

Vistos os presupostos Lu 03/15 e Lu 4/14, sobre o alumeado no Capo da Festa de Trasliste e desprazamento dunha farola.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Que por parte da empresa Nacho Montaxes e Instalacións Electrica, presente un presuposto real dos traballos a executar.

-LU 05/15, TRASLADO DE FAROLA NA PRAZA DE SAN PEDRO DE LANCARA.

Visto o presuposto Nº 5/2015, para traslado de farola en praza de San Pedro de Lánara, cun orzamento de 140,49 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Comunicarlle a D. Benigno Fernández Fernández, propietario da casa donde está instalada a farola que debe pagar o 50% do importe do presuposto.

12°.-NACHO, MONTAXES E INSTALACIÓNS ELECTRÍCAS, INFORME SOBRE ESTADO ACTUAL E MELLORAS NECESARIAS EN POLIDEPORTIVO.

Visto o informe de Nacho Montaxes e Instalacións Eléctricas sobre o estado actual e melloras necesarias no polideportivo.

E visto o presuposto de iluminación presentado pola empresa Efigal Norte.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Deixar o asunto pendente para un mellor estudo, preguntandolle a Efigal Norte si dentro destes presuposto está incluído o cadro de luz que se atopa en mal estado e cal é o orzamento de arranxo do mesmo.

13°.-REBOLEIRA S.L., TRANSPORTE DISCRECIONAL E VIAJEROS, FACTURAS VIAXES AS PRAIAS XULLO E AGOSTO.

Vista a factura nº 07 de Reboleira S.L., sobre detalles das viaxes as praias no mes de xullo.

E vista a factura nº 08, sobre detalles das viaxes as praias no mes de agosto

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Prestar aprobación as viaxes feitas as praias nos meses de xullo e agosto, con custo 0,00 € para o Concello.

14°.- VEHICULO SERVICIOS SANITARIOS E CONCELLO -RELACIÓN SAIDAS MES DE DECEMBRO.

Vistos os partes de saídas correspondentes ao mes de decembro, presentados polos sanitarios e persoal do Concello, que comezan no Qm 44.006 e rematan no Qm. 44.713 total 707 Qms.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Prestar aprobación a tódolos partes de saídas do mes de decembro.

2°.-Recordarlle ó persoal sanitario, que debe utilizar os talonarios para facer os partes de desprazamento, e **cando vexan que quedan menos de trinta partes notificalo a este Concello para encargar novos talonarios**, e cando os talonarios sexan rematados se entreguen as copias no Concello.

3°.-Que pasen os partes mensualmente dentro dos cinco días do mes seguinte debidamente cubertos e asinados, debendo facelo mes a mes, e non como se está facendo bimensualmente.

15°.-ENTRONQUE DE AUGAS:

-SOLICITUDE DE D. RAMIRO TALLÓN GONZALEZ PARA ENTRONQUE A REDE XERAL DE LÁNCARA PARA VIVENDA SITA EN LÁNCARA Nº 3.

Vista a solicitude presentada por D.Ramiro Tallón González , provisto do D,N.I. Nº 33347999-T, para entronque a rede xeral de abastecemento de auga potable de Lancara , para a súa vivenda, sita en Láncara nº 3.

Visto que o interesado non presentou o boletín de enganche.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Requerirle a D. Ramiro Tallón González que presente o correspondente boletín de enganche, sin este trámite non surtirá efectos a autorización de enganche.

2°.-Concederlle a alta na rede xeral do abastecemento de augas a D. Ramiro Tallón González , para a súa vivenda sita Lancara Nº 3, previo pago de 90,15 € correspondentes ao entronque, domiciliando o pago dos seus recibos .

2°.-Comunicarllo ó encargado do servizo de augas D. Luis Varela Fernández, que mentras non teña as taxas liquidadas, non debe facer o entronque.

3°.-Remitir certificación deste acordo ó funcionario D. Gerardo Sobrado Ventosinos, encargado de confeccionar os padróns, para que o dé de alta.

16°.-ESCRITO DE D. MODESTO GARCÍA FERNANDEZ, PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN “PLAYAS DE VALDRIZ”, SOLICITANDO PARA O DÍA 4-02-2015, UN LOCAL NO POLIFUNCIONAL, PARA UNHA XUNTA.

Vista a solicitude presentada por D. Modesto García Fernández, presidente da asociación Playas de Valdriz, solicitando o salón de reunións do edificio da biblioteca municipal para unha reunión o día 4 de febreiro de 2015, entre as 20:30 e 22:00 horas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Deixar a D. Modesto García Fernández, presidente da asociación Playas de Valdriz o local solicitado para a reunión a celebrar o día 04-02-15, sendo o responsable dos danos ou deperfectos que se poidan producir no local ao mobiliario do mesmo.

17°.-SOLICITAR A INCLUSIÓN NO PLAN DE TRABALLO DA XERENCIA DO PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN COLECTIVA DE CARÁCTER XERAL DO CONCELLO DE LANCARA PARA ADAPTAR AS VALORACIÓNS AO P.X.O.M. APROBADO DEFINITIVAMENTE O DÍA 22-02-2013.

Visto que debido a aprobación definitiva do P.X.O.M o catastro non está adaptado e que o solo urba de Pobra de San Xiao foi reducido considerablemente , tendo os núcleos rurais nova clasificación urbanística

Visto que hai reclamacións contra o Plan Xeral sin resolver.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Deixar pendentes este asunto en tanto non se resolven as reclamación presentadas por erros no P.X.O.M

18°.-SOLUGA, PRESUPOSTO PLAN DE VIXILANCIA E CONTROL AMBIENTAL DO VERTEDOIRO CLAUSARADO DE POBRA DE SAN XIAO.

Visto o requerimento da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, relativo ao plan de vixilancia e control ambiental do vertedoiro de residuos urbanos clausurado.

Visto que por escrito de data 28 de novembro de 2014, se nos amplia o prazo para presentar o Plan de vixilancia e control ambiental do vertedoiro clausurado.

Vista a oferta presentada por Soluga, por importe de 383,87 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Prestar aprobación a oferta presentada por Soluga, e unha vez feitos os traballos que presente informe por escrito para poder notificalo a Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras, Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.

2°.-Requerir a esta empresa para que aporte a documentación xustificativa da execución dos traballos para remitir a Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestructuras.

19°.-SOGAMA , COMUNICACIÓN SOBRE CONTRATO MARCO DE XESTIÓN DE RESIDUOS URBANOS.

Visto o escrito de Sogama, Sociedade Galega do Medio Ambiente, no que pon de manifesto que nos seus arquivos non aparece o orixinal do contrato solicitado.

Visto que este Concello lle subiron o canón un 34%.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Requerir a empresa Sogama para que nos explique en que se basou para subir o canón un 34%, sin haber contrato asignado con este Concello donde se poida basar esta suba.

20°.-ORDENES:

-DO 23 DE DECEMBRO 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO E MELLORA DA EMPREGABILIDADE NO ÁMBITO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O EXERCICIO DO ANO 2015.

Vista a orde do 23 de decembro 2014 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.-Prestar aprobación a solicitude de subvención.

2°.-Solicitar 1 socorrista para a praia fluvial por 3 meses a xornada completa.

- 3º.-Solicitar 2 peons de limpeza viaria, a media xornada , 6 meses .
- 4º.-Solicitar 2 albaneis para reparación de servizos, a media xornada , 6 meses
- 5º.-Solicitar 1 traballador para atención do pavillón, a media xornada , 6 meses
- 6º.-Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con

este asunto.

- DO 31 DE DECEMBRO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DA RISGA, E SE APROBA A CONVOCATORIA PARA O ANO 2015.

Vista a orden do 31 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Solicitar polo programa de reinserción social os traballadores que axa no Concello que reúnan os requisitos.

2º.-Solicitar a Traballadora Social a relación dos beneficios do Risga.

3º.-Facultar ao Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

21º.-XUSTIFICACIÓN GASTOS OBRA BAÑOS PRAZA CAMPO DA FESTA.

Vista a subvención concedida pola Deputación para investimentos en instalacións deportivas e para equipamentos deportivos realizados por Concellos da provincia.

Vista a relación de gastos:

| | |
|---|----------------|
| Juan C. Brea Méndez, CIF: 76576776-R, factura nº 307, fontanería..... | 2106,12 |
| Arturo Rivera Díaz, CIF:34220067-T, factura nº 359, diversos materiais | 70,00 |
| Walter Vázquez Doval, CIF:33346400-B, fac nº 23, portas e fiestras.... | 1857,35 |
| Luis I. López López, CIF: 33342723-Z, fac. nº 56,instalación eléctrica.. | 721,37 |
| Villafiz, CB,CIF:27320332, fac. nº 32diversos materiais..... | 811,55 |
| Villafiz, CB,CIF:27320332, fac. nº 36,diversos materiais..... | 247,05 |
| Arturo Rivera Díaz, CIF:34220067-T, factura nº , diversos materiais | 337,22 |
| Nóminas traballador mes de outubro..... | 845,01 |
| Nóminas traballadro mes de novembro | 1056,27 |
| Nómina 01 a 05 de decembro..... | 176,04 |
| Inversiones Ancares,CIF:B27256312, fac.nº SCL 02/2014,plaqueta e Azulexo..... | 534,52 |
| TOTAL GASTOS..... | 8762,50 |

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,
ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación os gastos relacionados e requerir a técnico directora das obras Dª Marta López Cepeda, para que emita a certificación correspondente.

2º.-Remitir a xustificación da inversión a Deputación de Lugo.

22º.- RECURSO DE D. ANTONIO J. LÓPEZ LÓPEZ E Dª GLORIA MELLE LÓPEZ, SOBRE PAGO PARTE CORRESPONDENTE, NA OBRA SANEAMIENTO EN SANTA MARÍA DE LAMA.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 24-11-14.

Visto o recurso presentado por D. Antonio J. López López e Dª Gloria Melle López, que di: “Que el Ayuntamiento de Láncara antes de realizar la obra “OBRA SANEAMIENTO EN SANTA MARÍA DE LAMA” nos había comunicado que la cantidad que nosotros habíamos aceptado y ahora se pretende que paguemos un importe de 1.872,60 €, a todas luces se debe tratar de un error, por lo que rogamos se subsane dicho error, y se tenga en cuenta lo pactado anteriormente de pagar el importe de 895,12 €, por lo que,

SOLICITAMOS:

Que teniendo por presentado este recur en tiempo y forma, se tenga por cerrado el pago correspondiente a Casa Roque por el importe de 895,12 € que se habían pactado, acordado y confirmado en escrito de fecha 23 de enero de 2014 con registro de entrada número 83.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Aceptar o recurso de reposición interposto por D. Antonio J.López López e Dª Gloria Melle López, en base ao escrito de data 23-01-2014, e que aboe a cantidade de 895,12 €. na conta do Concello, no prazo de 10 días.

23º.-SERVIZOS TECNICOS DE INGENIERIA, PRESUPOSTO DE HONORARIOS, PARA TRAMITACIÓN DE AUTORIZACIÓN PARA ACTIVIDADE DE GESTIÓN DE RESIDUOS EN PUNTO LIMPIO.

Visto que antes da entrada en vigor da Lei 22/2011 do 28 de xullo, os puntos limpos xestinados directamente polos Concello, estaban excluídos de obter autorización administrativa como xestores de almacenamento de residuos, non obstante ao non establecer a Lei ningún tipo de exclusión a Consellería de Medio Ambiente, está comunicando aos Concellos a necesidade de obter autorización .

Visto que por parte da Consellería de Medio Ambiente non se comunicou nada este Concello.

Vista a oferta presentada pola empresa Servicios Técnicos de Ingeniería.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Dar traslado deste acordo a empresa Ultramic, encargada do transporte dos materiais da punto limpo, para o seu coñecemento, e para que nos informe ao respecto.

**24°.-CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL:
-LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CCV EJERCICIO 2011**

Vista a comunicación feita pola Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, relativa a liquidación definitiva del CCV do exercicio 2011, que é de 324,43 €, tasa canon de control de vertidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facer efectivo o pago correspondente ao canón de control de vertidos, por importe de 324,43 €, ano 2011.

-LIQUIDACIÓN DEFINITIVA CCV EJERCICIO 2012.

Vista a comunicación feita pola Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, relativa a liquidación definitiva del CCV do exercicio 2012, que é de 385,84 €, relativa a tasa canon de control de vertidos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Facer efectivo o pago correspondente ao canón de control de vertidos, por importe de 385,84 €, ano 2012.

25°.-CONCELLO DE GUNTÍN DE PALLARES, COPIA DOCUMENTACIÓN REMITIDA AO INEGA, EN RELACIÓN A SUBVENCIÓN CONCEDIDA A AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE GUNTÍN, O PÁRAMO, LÁNCARA, O CORGO, TRIACASTELA, AS NOGAIS, BARALLA E FRIOL, PARA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA.

Vista a comunicación feita polo Concello de Guntín de Pallares, en relación a documentación remitida ao INEGA, sobre a obra de renovación das instalacións de iluminación pública .

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1°.- Incorporar toda a documentación ao expediente.

2°.-Requerir a empresa adxudicataria que as luminarias deben ter as garantías necesarias durante 5 anos e que se nos remita copia dos xustificantes das mesmas.

26°.-PLAN MARCO: MODIFICADO DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE ACCESOS OS NÚCLEOS RURAIS DE TRASLISTE, TOIRAN, TOLDAOS, LÁNCARA ENTRE OUTROS DO CONCELLO DE LÁNCARA.

Visto o acordo tomado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día vinte e catro de novembro de dous mil catore.

Visto o proxecto de “condicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Traliste, Toirán, Toldaos, Lánacara entre outros do Concello de Lánacara”, redactado pola enxeñeiro técnico D^a Marta López Cepeda, cun presuposto de contrata de 134.689,94 €

E Visto o modificado do proxecto “condicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Traliste, Toirán, Toldaos, Lánacara entre outros do Concello de Lánacara”, redactado pola enxeñeiro técnico D^a Marta López Cepeda, cun presuposto de contrata de 134.689,94 €

Visto que as obras poden ser licitadas polo procedemento de negociado sen publicidade.

Visto que xa está feito o ingreso da anualidade 2014.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Prestar aprobación o proxecto e modificado da obra “acondicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Traliste, Toirán, Toldaos, Lán cara entre outros do Concello de Lán cara”.

2º.-Expoñelo ao público polo prazo de 15 días.

3º.-Facer o prego para licitar polo procedemento de negociado sen publicidade.

4º.-O importe da axuda distribuirase en anualidades do seguinte xeito:

| Ano | % total subvención | Importe | Concello (IVE) | TOTAL |
|-------|--------------------|--------------|----------------|--------------|
| 2014 | 47,17 % | 52.506,81 € | 11.026,43 | 63.533,24 € |
| 2015 | 52,83 % | 58.807,19 € | 12.349,51 | 71.156,70 € |
| TOTAL | 100% | 111.314,00 € | 23.375,94 | 134.689,94 € |

27º.- RECLAMACIÓN VADOS:

-MANUEL BANDE RODRÍGUEZ.

-ARMANDO LÓPEZ SOBRADO

-OSCAR LÓPEZ LÓPEZ.

Vistas as reclamacións presentadas por D. Manuel Bande Rodríguez, D. Armando López Sobrado e D. Oscar López López.

Visto que estas reclamacións foron presentadas fora de prazo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Desestimar as reclamacións por ser presentadas fora de prazo, sen prexuízo de que estan pedientes de revisar e que se poidan dar de baixa.

28º.-PERSOAL:

SOLICITUDE DE D. JOSÉ M. ALVAREZ LÓPEZ, DE 10 DÍAS DE VACACIONES, POR DÍAS NON LABORALES TRABALLADOS.

Vista a solicitude presentada polo traballador D. José M. Alvarez López, solicitando dez días de vacacións en compensación dos días non laborables traballados, do 19 ao 28 de xaneiro de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Conceder a José M. Alvarez López, vacacións dende o 19 ao 28 de xaneiro, en compensación dos días non laborables traballados.

FORA DA ORDE DO DÍA E PREVIA DECLARACIÓN DE URXENCIA, ADOPTARONSE OS SEGUINTE ACORDOS:

COMUNICACIÓN DE SATEL TELECOM , S.L.U., SOBRE SUBVENCÍOS DA XUNTA TELEVISIÓN DIXITAL TERRESTRE POR VÍA SATELITAL.

Vista a oferta feita por Satel Telecom, S.L.U., na que pon de manifesto que a Xunta de Galicia dará unha axuda de hasta 300,00 € por enderezo e titularidade, para adquisición de equipamentos para a recepción de servizo público e de interese xeral da televisión dixital terrestre por vía satelital. Si os veciños fan a instalación con SATEL só teran que aboar o IVA 99,00 € , máis desprazamento.

A Xunta de Goberno, por unanimidade,
ACORDOU:

Comunicarlle a empresa Satel Telecom S.L.U. que se deben poñer en contacto cos veciños situados en zonas cualificadas como zonas de sombra, ou tramitar a subvención orrespondente coa Xunta de Galicia.

ORDEN DE 12 DE DECEMBRO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIMEN DE CONCURRENCIA COMPETITIVA, DE AXUDAS AOS CONCELLOS DE GALICIA E A SÚA ENTIDADE PÚBLICA, CON PERSOALIDADE XURÍDICA PROPIA, E AGRUPACIÓNS DE CONCELLOS, PARA O APOIO A EXINTICIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS, CONSISTENTES NA CESIÓN EN PROPIEDAD DE VEHÍCULOS ESPECIALES PREPARADOS PARA O EXERCICIO DESTAS FUNCIONES.

Vista a orde do 12 de decembro que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, axudas aos Concello de Galicia e a súa entidade pública, con personalidade xurídica propia, e agrupacións de Concellos, para o apoio a extinción de incendios forestais, consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparado para o exercicio desas funcións.

Visto que a motobomba leva cecida a este Concello dende o 21-02-1990, vehículo que xa fora usado polo exercito.

Visto que desde que o Concello dispón de motobomba tódolos anos asignou o convenio da motobomba para a prevención e defensa contra os incendios forestais, agas os últimos anos (2012 , 2013 e 2014), xa que este vehículo non reúne condicións para prestar este servizo, debido o seu mal estado e ser moi custoso o seu arranxo.

Visto que este Concello reúne tódolos requisitos que se establecen na mencionada orde, para que se ceda en propiedade este Concello un vehículo especialmente preparado para o exercicio das funcións de apoio a extincións de incendios forestais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar ao abeiro de dita orde a Consellería do Medio Rural e do Mar a cesión en propiedade dun vehículo especialmente preparado para o exercicio de extinción de incendios forestais.

2º.- Que os convenios asignados nos últimos 20 anos, xa obran nesa Consellería ao ser remitido no ano 2014, cando nos acollemos a mesma orde.

3º.-Considerar en opinión desta Xunta de Goberno Local que este Concello xa tiña dereito a un vehículo novo dos que se entregaron na campaña 2013 e 2014.

4º.-Debido ao mal estado do actual vehículo a proxima campaña (2015) de non dispoñer dun vehículo novo non poderá acollerse a dita campaña este Concello.

5º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

ORDEN DE 22 DE DECEMBRO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN SUBVENCIONS PARA A CREACION E MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIONES, INSTALACIONES E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACION DE SERVICIOS MUNICIPAIS, DESTINADOS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2015, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTION COMPARTIDA, COFINANCIADAS POR FONDOS EUROPEOS AGRICOLA DE DESARROLLO RURAL (FEDER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESARROLLO RURAL DE GALICIA 2007-2013.

Vista a orde do 22 de decembro de 2014 , publicada no D.O.G nº 245 do 23-12-2014, pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de infraestruturas de uso público destinadas aos concellos de Galicia, de forma individual e mediante o sistema de gestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feder).

Visto o proxecto de “acondicionamento e mellora de accesos os núcleos rurais de Vilouzan, Monseiro e Villarín do Concello de Láncara, redactado pola enxeñeiro técnico Marta López Cepeda, por importe de 60.513,24 €.

Visto o contido dos artigos 9 e 10 da orde.

E visto que o Concello reúne tódolos requisitos establecidos na orde.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Solicitar unha subvención de 40.000,00 €, equivalente ó 80% de 50.000,00 € do orzamento das obras financiando o Concello o resto, con cargo ó orzamento do 2015 (10.010,94 €) máis o IVE correspondente (10.502,30 €)

2º.-Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde obxecto da convocatoria.

3º.-Remitir a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza toda a documentación esixida na orde.

ORDEN DO 23 DE DECEMBRO DE 2014, POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZAICÓN DE ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN E PROSPECCIÓN DE EMPREGO NO EXERCICIO 2015.

Vista a orden epigrafiada.

Visto que a subvención máxima para 12 meses é de 20.000,00 €, tal como establece o artigo 4 de dita orde.

Visto que nos criterios de valoración , fixados no artigo 9 de dita orde valórase especialmente a prórroga dos contratos.

Visto que o Secretario informa que a partir do ano 2015 si esta subvención non ven subvencionada ao 100% non se podera facer fronte os gastos, xa que se trata de competencias impropias, e de non ser subvencionado ao 100% non hai financiamento de fondos propios.

Vista a 3ª prórroga do protocolo de colaboración entre os Concello de Lánara, Corgo e Triacastela, para a solicitude da subvención epigrafiada, dirixida a legalización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

Visto que o Concello non ten dispoñibilidade orzamentaria para facer fronte a gastos de persoal que non sexán subvencionadas ó 100%.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade,

ACORDOU:

1º.-Acoller a orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencions para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información , orientación e prospección de emprego no exercicio 2015.

2º.-Prorrogar o contrato que esta entidade ten suscrito con Julia Rivas Fernández dende o 1 de febreiro de 2015 por un período de 12 meses, condicionada a que a subvención se aprobe ao 100%, en base a puntuación establecida no artigo 9 da orden.

3º.-Solicitar unha subvención de 20.000,00 € para o período de 12 meses, para financiar o 100% do custo.

4º.-Prestar aprobación a 3ª prórroga do protocolo de colaboración entre os Concello de Lánara , O Corgo e Triacastela, para a solicitude da subvención epigrafiada, dirixida a legalización de actividades de información, orientación e busca de emprego.

5º.-Responsabilizar da presentación de tódala documentación que se esixe na orden,dentro de prazo, a traballadora que se lle prorróga o contrato Dª Julia Rivas Fernández, e para o caso de non presentarse dentro de prazo non prorrogar o contrato.

6º.-Facultar ó Sr. Alcalde para levar a cabo tódolos trámites relacionados con este asunto.

PROPOSTA DO SR. ALCALDA SOBRE O ESTADO DOS PINOS DA PRAZA DA ESTACIÓN DE POBRA DE SAN XIAO.

Polo Sr. Alcalde informase que os pinos da praza da Estación teñen moitas ramas que están perigosas a que rompan e se desplomen ao chan, e debido a que estes pinos teñen moita altura, débese contactar con persoal esperto na materia para que corten as ramas que se atopa en mal estado.

Visto que a empresa Entrefor, reúne tódalas condicións para facer estes traballos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

ACORDOU:

Solicitar a empresa Entrefor, para que presente presuposto para facer a poda destas árbores, así como toda a documentación da empresa para poder executar os traballos, tanto técnicos como persoais, así como os seguros obrigatorios.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as dez horas cincuenta e cincop minutos, estendéndose a presente acta que como Secretario, certifico.

